

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz	As Pontes de García Rodríguez	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Biología e xeoloxía	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A MATERIA:

A materia de Bioloxía e Xeoloxía da etapa da educación secundaria obrigatoria busca o desenvolvemento da curiosidade e a actitude crítica, así como o reforzo das bases da alfabetización científica, que lle permita ao alumnado coñecer o seu propio corpo e a súa contorna para adoptar hábitos que lle axuden a manter e a mellorar a súa saúde e cultivar unha actitude responsable de cara ao coidado do medio ambiente e da súa contorna.

Esta materia pretende impulsar a vocación científica no alumnado, así como tamén hábitos de estudo, o respecto e a solidariedade entre o alumnado, o traballo en equipo, a cooperación e a capacidade de traballar aplicando o método científico

Dende os primeiros cursos da ESO, introdúcense aspectos como a formulación de preguntas e hipóteses, a observación, o deseño e a realización de experimentos, a análise e a comunicación de resultados, pasos propios do método científico. Para iso, abordanse distintos bloques de contido.

Nos tres cursos da ESO, inclúese un bloque dedicado ao estudo da célula como unidade fundamental de todos os seres vivos. Isto permitirá estudar tanto aspectos teóricos coma outros máis prácticos, coma o manexo do microscopio e a preparación de mostras de tecidos biolóxicos.

A partir do coñecemento da unidade mínima da vida, a célula, o alumnado irá coñecendo niveles máis amplos de organización, servindo como base para o estudo dos distintos sistemas e aparatos do corpo humano na materia de 3º de ESO.

Tamén se estudarán as características e grupos taxonómicos máis importantes dos cinco reinos de seres vivos, así como a identificación de exemplares da contorna. Introducirase tamén o concepto de evolución, co fin de que o alumnado perciba os seres vivos como organismos cambiantes e non estáticos.

No tocante á xeoloxía, no 1º curso da ESO o estudo das capas fluídas, coma a xeosfera, atmosfera e hidrosfera, e as súas interaccións cos demais subsistemas terrestres e os impactos antrópicos, propicia unha visión integral do funcionamento do noso planeta e a súa importancia para a existencia da vida na Terra. Isto servirá como base para comprender o concepto de ecosistema, centrándonos sobre todo no coñecemento de ecosistemas da contorna e a relación entre os seus elementos integrantes.

Xa en 3º de ESO, centrarémonos na dinámica interna terrestre e o estudo dos riscos asociados, como seísmos e volcáns.

O CENTRO:

O IES Plurilingüe Castro da Uz atópase no concello de As Pontes (A Coruña) e a el acoden estudantes procedentes de todos os centros de Educación Primaria do Concello.

No centro ofértanse as ensinanzas de ESO, ESA, Ciclos formativos de grao profesional básico (Informática de oficina e Mantemento de vehículos), medio (Electromecánica de vehículos automóbiles, Sistemas microinformáticos e redes e Soldadura e Caldeiraría) e superior (Administración e finanzas e Mantemento electrónico). Ademais, impártense varios niveis de Inglés da Escola Oficial de Idiomas.

A localización do centro facilita o acceso a varios roteiros naturais que permitirán ao alumnado o coñecemento do seu ecosistema e a súa contorna, no contexto da materia de Bioloxía e Xeoloxía, dun xeito máis directo.

O ALUMNADO:

O centro conta con unha liña por cada curso da ESO, o que o converte nun centro cun ambiente familiar, no que o alumnado conta cun trato próximo ao profesorado que permite coñecer en profundidade as particularidades de cada alumno e alumna. O alumnado provén case na súa totalidade de familias da zona, involucradas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A CÉLULA	O obxectivo desta unidade é comprender a célula como a estrutura básica dos seres vivos e coñecer a súa estrutura básica. O alumnado deberá identificar os distintos tipos de células e as principais diferenzas entre elas, así como ser quen de diferencialas ao microscopio. Tamén se fará fincapé nos virus e por qué estes son considerados seres acelulares.	15	12	X		
2	A BIOSFERA	Nesta unidade estudaranse as funcións vitais dos seres vivos e a súa vida na Terra. O alumnado deberá identificar cales son as propiedades que permiten a vida na Terra e que criterios se empregan para clasificar aos seres vivos que habitan nela nos principais grupos taxonómicos. Finalmente farase unha introdución aos cinco reinos dos seres vivos.	10	12	X		
3	REINO MONERA, PROTISTA E FUNGI	Dedicarase esta unidade a estudar o reino monera, proteista e fungi. O alumnado deberá identificar as principais características de cada grupo, así coma recoñecer especies típicas de cada un deles que viven na súa contorna. Para iso empregaranse claves dicotómicas e observación directa dalgúns exemplares. Incidirase tamén en aspectos evolutivos e adaptativos e na importancia destes seres para a vida no planeta.	10	12	X		
4	O REINO DAS PLANTAS	Nesta unidade estudaremos as principais características das plantas e o seu metabolismo, facendo fincapé na importancia da fotosíntese para a vida no planeta. Tamén se estudará a súa clasificación, diferenciando entre plantas con e sen froito e o proceso evolutivo entre ambos. Empregaranse claves dicotómicas e observación de exemplares reais para que o alumnado sexa quen de identificar exemplares propios da súa contorna.	12	15		X	
5	O REINO ANIMAL	A unidade dedicada ao reino animal inclúe contido referido ás características xerais dos animais que se empregan para a súa clasificación, así como á distinción entre os distintos grupos de animais invertebrados e vertebrados. Farase fincapé no proceso evolutivo que deu lugar ás distintas formas de vida neste reino a mecanismos de adaptación dos distintos exemplares ou grupos taxonómicos para adaptarse ao seu ambiente. Empregaranse claves	12	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	O REINO ANIMAL	dicotómicas e observación directa de exemplares da contorna para que o alumnado recoñeza especies relevantes no seu ecosistema.	12	15		X	
6	A XEOSFERA	No terceiro trimestre entraremos na parte de Xeoloxía, comezando polo estudo da Xeosfera e as capas das que está formada, así como os movementos das placas tectónicas. Despois estudaremos as principais características de rochas e minerais, e os principais grupos de rochas, empregando claves de identificación para identificar aos distintos exemplares. Finalmente, dedicaremos algunha sesión a falar do uso sostible dos recursos xeolóxicos e a súa importancia para o noso día a día.	15	15			X
7	A ATMOSFERA	Continuando coas capas da Terra, nesta unidade estudaremos a composición e estrutura da atmosfera, a súa importancia para a vida no noso planeta e como afectan os impactos ambientais á saúde da mesma. Profundizaremos para isto en fenómenos como o quecemento global, o efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica.	10	11			X
8	A HIDROSFERA	Nesta unidade coñeceremos as propiedades da auga e a súa distribución no planeta, dentro do contexto do ciclo da auga. Ademais, afondaremos na importancia da auga para os seres vivos e o impacto que teñen as nosas accións sobre os recursos hídricos do planeta.	10	11			X
9	ECOLOXÍA E SOSTIBILIDADE	De forma transversal ó resto de unidades, ó longo do curso iremos vendo que é un ecosistema e cales son os seus compoñentes principais, centrándonos na biodiversidade do noso ecosistema e as relación inter e intraespecíficas que nel se se inclúen. Así mesmo, analizaremos o impacto que o ser humano ten no ecosistema e que medidas sostibles se poden tomar para protexelo.	6	2	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A CÉLULA	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	Coñecer que é unha célula	PE	80
CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	Identificar as estruturas básicas dunha célula		
CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	Diferenciar os tipos de células (a procariota da eucariota e a animal da vexetal)		
CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	Coñecer as diferenzas entre un virus e un ser celular		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Saber diferenciar entre información científica e non científica	TI	20
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Empregar adecuadamente o vocabulario científico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Concepto de ser vivo. - A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos. - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas. - Funcións vitais: - Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese. - Relación. - Reprodución: sexual e asexual. - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Formas acelulares: os virus.

UD	Título da UD	Duración
2	A BIOSFERA	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	Recoñecer ó menos 3 características que fan a Terra habitable	PE	85
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Coñecer as características que permiten clasificar aos seres vivos nas principais categorías taxonómicas		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características máis importantes que diferencian aos compoñentes dos 5 reinos de seres vivos		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Relacionar o proceso evolutivo, a selección natural e as adaptacións ó medio	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable. - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu). - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.

UD	Título da UD	Duración
3	REINO MONERA, PROTISTA E FUNGI	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Coñecer os criterios empregados para clasificar ós seres vivos dos reinos monera, protista e fungi.	PE	80
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as principais características dos reinos monera, protista e fungi.		
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Coñecer o papel das moneras, protistas e fungos no ecosistema		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Diferenciar entre información científica e información non científica	TI	20
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución dalgunha científica ou científico ó coñecemento sobre microorganismos e fungos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu). - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio. - Os ecosistemas: - Exemplos da contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	O REINO DAS PLANTAS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Recoñecer os criterios empregados para a clasificación dos vexetais	PE	70
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características principais dos grupos de plantas (anxiospermas e ximnospermas)		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Identificar adaptacións nas plantas para adaptarse ao medio		
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Identificar as características xerais das plantas de ecosistemas galegos		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Recoñecer a importancia das plantas e a fotosíntese para a vida no planeta		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explicar procesos biolóxicos empregando adecuadamente a información científica	TI	30
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Propoñer unha hipótese para responder a unha cuestión científica sobre un proceso biolóxico		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar unha toma de datos para analizar un proceso biolóxico		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Sacar conclusións analizando os datos obtidos en relación ao estudo dun proceso biolóxico.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Traballar en grupo respectando aos compañeiros e compañeiras		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a importancia da ciencia para mellorar algún aspecto da nosa sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.
- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas
- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).
- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).
- O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.
- Os ecosistemas:
- Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.
- Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.
- Exemplos da contorna.
- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.
- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
5	O REINO ANIMAL	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Recoñecer os criterios para clasificar aos animais nas distintas categorías taxonómicas	PE	80
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características máis importantes dos principais grupos de animais vertebrados e invertebrados.		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Identificar adaptacións dos animais ao medio no que viven.		
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Identificar os grupos de animais máis importantes dos ecosistemas galegos		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar a protección dos seres vivos co mantemento da biodiversidade na contorna		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Empregar información científica para resolver cuestións biolóxicas	TI	20
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Coñecer a aportación dalgunha científica ou científico ao coñecemento sobre o reino animal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio. - Os ecosistemas: - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible. - Exemplos da contorna. - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
6	A XEOSFERA	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	Identificar os minerais máis representativos da escala de Mohs	PE	70
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	Recoñecer as principais características das rochas ígneas, metamórficas e sedimentarias		
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Recoñecer as rochas e minerais máis importantes da contorna		
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Describir a aplicación de minerais e rochas no día a día		
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	Nomear as principais capas da xeosfera		
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	Relacionar bordos converxentes e diverxentes coa formación de cordilleiras e fosas oceánicas.		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Relacionar os movementos da xeosfera co modelado terrestre		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explicar procesos xeolóxicos empregando fontes de información científicas	TI	30
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Seleccionar adecuadamente a información científica		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Propoñer hipóteses para responder a unha cuestión científica		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia para xestionar un fenómeno de orixe xeolóxico		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Recoñecer o impacto da explotación dun recurso xeolóxico		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar un problema ambiental de orixe xeolóxico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Os minerais: características, propiedades e clasificación. - As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas. - Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna. - Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá. - Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia. - Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo.

Contidos

- Introducción á teoría da tectónica de placas.
- A litosfera e o movemento das placas.
- Estructuras xeolóxicas nos bordos das placas.
- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.
- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.

UD	Título da UD	Duración
7	A ATMOSFERA	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Explicar un fenómeno atmosférico empregando información científica	PE	70
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	Describir a importancia do efecto invernadoiro		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Describir as consecuencias do deterioro atmosférico		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Describir o papel da atmosfera para a vida no planeta		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar a protección da atmosfera coa calidade de vida para os seres vivos		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Formular hipóteses sobre fenómenos atmosféricos	TI	30
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Identificar algunha actividade humana que produza un impacto na atmosfera		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Propor unha solución para un problema ambiental		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Diferenciar argumentos científicos dos non científicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - A atmosfera. Composición e estrutura. - Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra. - Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica. - O cambio climático. - Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo. - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
8	A HIDROSFERA	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	Describir o ciclo da auga	PE	75
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Relacionar algunha acción humana co seu impacto sobre a hidrosfera		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Comprender a importancia da hidrosfera no modelado terrestre		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar unha solución proposta fronte a contaminación da auga		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Procurar información científica para explicar un fenómeno relacionado coa hidrosfera	TI	25
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Identificar na contorna algún efecto do modelado fluvial		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	diferenciar información científica de información non científica		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar o coidado das augas coa calidade de vida		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga. - Importancia da auga para os seres vivos. - Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga. - Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo. - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
9	ECOLOXÍA E SOSTIBILIDADE	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar un experimento ou toma de datos	TI	100
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Sacar conclusións baseándose na toma de datos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Traballar en equipo respectando ás compañeiras e compañeiros		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Identificar procesos de adaptación na contorna		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Identificar o impacto dunha explotación xeolóxica		
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Identificar o impacto da actividade humana na paisaxe da contorna		
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	Recoñecer a importancia do efecto invernadoiro		
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	Describir o ciclo da auga		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Identificar o impacto da actividade humana sobre a hidrosfera e a atmosfera		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Recoñecer efectos da hidrosfera e atmosfera no modelado terrestre		
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Identificar os compoñentes principais dun ecosistema		
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Describir as características principais do ecosistema da contorna		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar un factor desencadeante dun desequilibrio no ecosistema		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar a solución a un problema ambiental da contorna		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Recoñecer a importancia da biodiversidade para equilibrio no ecosistema		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propor hábitos sostibles para mellorar un problema ambiental		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visuł). - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio. - Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia. - A atmosfera. Composición e estrutura. - Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica. - O cambio climático. - A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga. - Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga. - Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo. - Os ecosistemas: - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible. - Exemplos da contorna. - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación propón unha metodoloxía de carácter construtivista, que permitirá ao alumnado ser o principal protagonista do proceso de aprendizaxe mediante unha participación activa no mesmo.

Esta metodoloxía parte da aceptación de que os alumnos e as alumnas posúen esquemas previos de interpretación da realidade, que serán tidos en conta para fomentar un proceso de aprendizaxe significativa.

Deste modo, o que se aprende depende fundamentalmente do xa aprendido (coñecementos previos), e, por outro lado, quen aprende constrúe o significado do aprendido a partir da propia experiencia; é dicir, a partir da súa actividade cos contidos de aprendizaxe e coa súa aplicación a situacións familiares.

É, polo tanto, fundamental motivar ao alumnado para que participe de forma activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para isto, proporanse actividades de distinta natureza, atendendo tanto á diversidade entre estudantes coma ó momento no que se pon en práctica cada unha delas. Para iso, seguirase o seguinte esquema xeral:

Ó INICIO DA UNIDADE proporanse actividades de indagación de ideas previas e motivacionais. A través de preguntas guía, de cuestionarios en liña usando plataformas coma Kahoot; de vídeos motivacionais ou de técnicas de gamificación.

DURANTE A UNIDADE realizaranse actividades de desenvolvemento, manipulación e descubrimento. Alternaranse técnicas expositivas como a lección maxistral participativa, a parada en tres e explicacións apoiadas na proxección de imaxes xunto con outras técnicas de carácter participativo. Promoverase tamén actividades de lectura e procura e selección de información científica, que desenvolva no alumnado un pensamento crítico á hora de identificar as fontes de información máis fiables. Isto serviralles para buscar resposta a cuestións científicas e a elaborar discursos e argumentacións tanto de forma oral coma por escrito.

Ó FINAL DA UNIDADE centrarémonos en actividades de síntese, recapitulación e consolidación. A través da resolución de exercicios finais na libreta ou a través de plataformas dixitais, de actividades que empregan a gamificación e finalmente, da resolución dun cuestionario final en liña.

Ó longo de todas estas actividades o papel da docente será o de guía, asegurándose de que o alumnado conta coas ferramentas adecuadas que lle permitan construír os seus propios procedementos para a resolución dos problemas dados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material didáctico elaborado pola profesora (dispoñibles na aula virtual)
Material de laboratorio e experimental
Guións e protocolos de prácticas
Fichas e boletíns de problemas
Libros e material bibliográfico (biblioteca de aula)

O material didáctico elaborado pola profesora será posto á disposición do alumnado na aula virtual da plataforma Edixgal. Aquí tamén se colgarán outros recursos como cuestionarios en liña, vídeos e tarefas a realizar polo alumnado. As tarefas entregaranse a través da aula virtual para que quede rexistrada a súa entrega.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso realizarase unha avaliación dos coñecementos do alumnado. A Metodoloxía empregada será unha proba escrita, non puntuable para nota, na que o alumnado deberá responder a unha serie de cuestións básicas relacionadas co temario que se impartirá ó longo do curso.

No primeiro curso da ESO esta proba constará de preguntas de distinto tipo, que inclúe a interpretación de textos, a elaboración de mapas conceptuais e a elaboración dun texto explicativo a partir de ideas ou palabras clave. O obxectivo desta proba é a de analizar a capacidade de comprensión lectora do alumnado e a súa capacidade de expresión empregando argumentos ben construídos. A temática das preguntas estará directamente relacionada co contido das unidades didácticas que se impartirán ó longo do curso, o cal permitirá identificar coñecementos previos do alumnado en canto á materia.

Trala análise destas probas sacaranse conclusións do alumnado que serán postas en común co departamento de

orientación para valorar as posibles medidas de adaptación que podan ser necesarias.

Complementaria a esta proba de avaliación inicial, realizarase, ó inicio de cada unidade didáctica, unha actividade de indagación de ideas previas, que permita coñecer o punto de partida do alumnado con respecto ó contido de cada unha delas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	12	12	15	10	10	6	100
Proba escrita	80	85	80	70	80	70	70	75	0	72
Táboa de indicadores	20	15	20	30	20	30	30	25	100	28

Criterios de cualificación:

Para determinar a cualificación final de cada unha das avaliacións aplicarase a media aritmética das unidades didácticas correspondentes a cada avaliación.

Cada unidade didáctica será cualificada seguindo os seguintes criterios:

- A proba escrita terá un peso na cualificación de entre un 70 e un 80%, dependendo de cada unidade didáctica. Para que a proba escrita faga media, é necesario acadar unha puntuación mínima de 3 sobre 10.
- O restante 30-20% será acadado a través de actividades de elaboración propia por parte do alumnado recollidas nun portfolio, do traballo en grupo, o traballo na aula, actividades prácticas e do comportamento e actitude na aula. Para a avaliación destas actividades empregaranse instrumentos como listas de cotexo, observación na aula ou rúbricas.

Cuestións relativas ás actividades e tarefas:

- Para cualificar o apartado correspondente aos traballos individuais ou en grupo terase en conta a orixinalidade do traballo realizado, a selección, calidade e o rigor das fontes de información, a aportación persoal do alumno, a capacidade de síntese e de relacionar conceptos, o vocabulario utilizado, a entrega no prazo fixado (de non realizarse en tempo, serán cualificados con 0 puntos), a presentación correcta ...
- Unha tarefa non entregada puntuarase con un 0 que será tido en conta para a nota media, e as entregadas/feitas valoraranse en función da súa corrección e calidade.
- No caso de que o alumnado falte á clase deberá, cando sexa posible, realizar as tarefas correspondentes na casa e entregalas á profesora no prazo indicado.

Cuestións relativas ós exames:

- En caso de que o alumnado falte a un exame, será necesaria a presentación de xustificante médico ou equivalente de forza maior para ter dereito a que se lle repita o exame.
- A materia impartida durante as sesións no laboratorio poderá ser obxecto de avaliación nas probas escritas, tanto ordinarias coma extraordinarias.

Alumnado con reforzo educativo:

No caso do alumnado con reforzo educativo que implique limitar as probas de avaliación aos mínimos exixibles da materia, a máxima cualificación que se poderá acadar será de 5 puntos. En caso de considerarse que o esforzo, traballo e interese do alumnado con reforzo foi destacable, poderá acadar unha puntuación de 6 puntos.

Criterios de recuperación:

- As probas non superadas non se recuperan individualmente. Na proba de recuperación de cada avaliación inclúense todos os contidos da avaliación suspensa.

- Se o alumno/a acada unha nota superior ao mínimo establecido pode compensala coa nota das outras probas de dita avaliación. Se non consegue superar os 5 puntos na avaliación, deberá presentarse á recuperación correspondente e examínase de toda a avaliación.

- Cada avaliación terá unha proba de recuperación. En casos excepcionais a recuperación poderá ser referida a aquela ou aquelas partes especialmente importantes na formación do alumnado (segundo o criterio da profesora).

- A profesora decidirá se as probas de recuperación se realizan previamente á avaliación correspondente ou na avaliación seguinte, dependendo da dispoñibilidade de tempo e do nivel de seguemento da programación didáctica. No caso das probas da 3ª avaliación, a recuperación realizarase coincidindo co exame final da materia do mes de xuño.

A recuperación afectará soamente á proba escrita, conservándose a nota correspondente ao traballo/actitude da avaliación suspensa. A avaliación considerase recuperada cando se dean as seguintes circunstancias: que o alumno/a acade na proba escrita unha nota igual ou superior aos 5 puntos e despois de aplicar as porcentaxes correspondentes á proba escrita e ao traballo/actitude da avaliación a recuperar a nota final da avaliación sexa tamén igual ou superior a 5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

As materias pendentes non aplican ao alumnado de 1º de ESO.

Para o alumnado que teña a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ou 3º da ESO pendente elaboraranse boletíns de exercicios que terán que resolver ó longo do curso con contido relativo ás materias pendentes. O alumnado deberá realizar os exercicios incluídos no boletín e estes suporán un 30% da nota de recuperación da materia. O material teórico e de estudo para resolver ditos boletíns estará dispoñible na aula virtual no curso correspondente á materia a recuperar e no libro de texto dese mesmo curso. A profesora poderá proporcionar material extra para o alumnado que así o precise.

O 70% da cualificación correspóndese co resultado de dúas probas escritas que serán realizadas nos meses de Xanero e Maio, na que se inclúen os mesmos contidos recollidos nos boletíns de repaso.

A data dos exames de recuperación pode ser modificada para adaptarse ó calendario de exames do curso actual do alumnado, de forma que podan estar espaciados no tempo.

Para recuperar a materia, a media ponderada do boletín de recuperación e das probas escritas de recuperación debe ser como mínimo un 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Durante o primeiro mes de curso realizaranse as avaliacións iniciais e recollerase a información do alumnado relativa a cursos pasados para identificar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dende o departamento de orientación elaborase unha avaliación psicopedagóxica do alumnado, que permitirá identificar as necesidades que presentan. Tendo isto en conta, elaboraranse os plans de reforzo e adaptación pertinentes para cada caso, informando en todo momento ás familias das medidas de atención á diversidade que se decida por parte do corpo docente.

Entre as medidas a tomar están as seguintes:

Na atención ao alumnado TDAH seguirase o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario, publicado pola Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Para a atención ao alumnado TEA seguirase o protocolo para o Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo da Xunta de Galicia publicado pola Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria.

No caso de alumnado con algún grao de discapacidade, elaboraranse adaptacións curriculares significativas para adaptar os contidos ao nivel do alumnado. Para iso, contarase coa participación das familias, que darán o seu consentimento e estarán informadas de todas as medidas que se tomen ó longo do proceso, e do departamento de orientación.

De acordo coa Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, o alumnado repetidor que amosase dificultades para a superación da materia no curso anterior seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación destas dificultades, que incluírá actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores		X		X	X		X	X
ET.5 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde		X	X					X
ET.7 - Promoción da igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC	X
ET.4 - Educación emocional e en valores	X
ET.5 - Fomento do espírito científico	X
ET.6 - Educación para a saúde	X
ET.7 - Promoción da igualdade entre homes e mulleres	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída pola contorna	Observación de elementos naturais			
Saída á costa	Observación de elementos naturais			
Saída ás Fragas do Eume	Observación de elementos naturais. En coordinación co Depto. de Lingua Castelá			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe
Consegiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado
Tomáronse medidas curriculares para atender ao alumnado con NEAE
Tomáronse medidas organizativas para atender ao alumnado con NEAE
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado
Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Dáse un peso real á observación do traballo na aula
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo
Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE
Ofréceselle ao alumnado explicación xeráis claras
Ofrécense explicacións individualizadas para o alumnado que así o requira
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc

Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos
Realizáronse as ACS propostas e aprobadas

Descrición:

Os indicadores de logro recollidos neste apartado serán avaliados pola profesora nun cuestionario de autoavaliación. O resultado será tido en conta para incluír os cambios e melloras necesarios no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será revisada mensualmente e ao rematar cada avaliación, para comprobar o grao de cumprimento da temporalización. As conclusións obtidas e as modificacións requiridas serán recollidas no libro de actas do departamento.

Na memoria de fin de curso especificaranse as distintas incidencias que se producen para desenvolver a programación.

En caso de non cumprir a temporalización será necesario reaxustar os tempos, e estudarase a posibilidade de cumprir cos aspectos non acadados nos cursos seguintes.

9. Outros apartados